



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900 - F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa Arcai, 41 – Bembibre . 15873 – Val do Dubra. E-mail: correo@valdodubra.gal

exp. 2026/E001/000013

RESOLUCIÓN

ASUNTO: APROBACIÓN DUNHA NOVA OFERTA DE EMPREGO PARA A COBERTURA DE POSTO DE BOMBEIRO/A FORESTAL NO MARCO DO PROGRAMA GALICIA SUMA TALENTO POR QUEDAR VACANTE

EXPEDIENTE: 2026/A008/000004; 2026/E001/000013

EXPEDIENTE: TR351G2026-000000005-01

Primeiro.- Con data 06/07/2026 e núm de rexistro de entrada 202600000001209 D.^a Alba Arias Fernández, presentou escrito de renuncia voluntaria ao posto de **bombeiro/a forestal**, para o que fora contratado/a ao abeiro do programa **Talento Rural Activo**, promovido pola Xunta de Galicia.

Segundo.- A citada renuncia produce unha vacante no cadro de persoal adscrito ao referido programa, sendo necesario proceder á súa cobertura para garantir a continuidade do servizo.

Terceiro.- Segundo as bases reguladoras do proceso selectivo, en caso de renuncia ou baixa dunha persoa contratada, procede efectuar o chamamento da seguinte persoa por orde de puntuación da lista de reserva resultante do proceso selectivo.

Cuarto.- Realizouse o chamamento das persoas integrantes da lista de agarda constituída tras o proceso selectivo anteriormente convocado. Unha vez esgotada a lista, non foi posible efectuar as contratacións necesarias, ao atoparse as persoas chamadas prestando servizos laborais noutras entidades ou renunciar por non dispoñibilidade para a incorporación.

Quinto.- Como consecuencia das necesidades actuais de persoal e da dispoñibilidade de financiamento no marco do programa Galicia Suma Talento, considérase necesario aprobar unha nova oferta de emprego para a cobertura de novos postos.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Visto o disposto nas bases da convocatoria do programa Talento Rural Activo, así como a normativa de réxime local e demais disposicións de aplicación.

No uso das atribucións que me confire a lexislación vixente,

RESOLVO

Primeiro. Aprobar unha nova oferta de emprego para a selección dun posto de Bombeiro Forestal no marco do programa Galicia Suma Talento, conforme ás características que figuran no expediente.

Segundo. Dispoñer a tramitación do correspondente proceso selectivo, de conformidade coa normativa de aplicación e coas bases que se aproben para o efecto.

Terceiro. Publicar o presente decreto nos medios que correspondan e dar traslado aos servizos competentes para a súa execución.

Asinado polo Sr. Alcalde Diego Luis Díaz Méndez, na data expresada á marxe da presente resolución. Polo Secretario-interventor accidental, José Ramón Vázquez González, tómase razón para a súa transcripción ao libro de resolución da alcaldía aos efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art 3.2 do R.D 128/2018).